



## **O Parlamento de Galicia acolle este martes unha campaña de sensibilización sobre o melanoma**

- **Está organizada pola Academia Española de Dermatoloxía, que desprazará ao Parlamento a dous especialistas e un autobús habilitado ao efecto**
- **O melanoma, un tumor cutáneo, que está medrando exponencialmente, representa entre o 4 e o 10% de todos os tipos de cancro**
- **Os dermatólogos alertan sobre a relación entre o melanoma e o dano solar na infancia e a adolescencia**

**Santiago, 12 de xuño de 2011.-** O Parlamento de Galicia acollerá o próximo martes, 14 de xuño, coincidindo coa primeira xornada do Pleno, unha campaña de sensibilización sobre o melanoma dirixida a deputados, persoal da Cámara e xornalistas, reivindicando así públicamente a importancia da prevención deste tipo de cancro de pel.

A campaña está organizada pola Fundación da Academia Española de Dermatoloxía e Venereoloxía (AEDV), que desprazará ao Parlamento de Galicia un autobús habilitado.

### **Exploración a cargo de dous dermatólogos do CHUS**

Neste vehículo, dous dermatólogos do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago –a Dra. Sánchez Aguilar, presidenta da sección territorial da AEDV; e o Dr. Vázquez Veiga, secretario xeral da AEDV- explorarán ás persoas que o desexen, logo de cumprimentar un test de autoavaliación.



O melanoma representa entre o 4 e o 10% de todos os tipos de cancro diagnosticados en España. Tátase dunha proliferación maligna dos melanocitos, as células que dan cor á pel. En máis do 95% dos casos, trátase dun tumor cutáneo; máis frecuente na raza branca e de carácter altamente invasivo, con gran capacidade para xerar metástases.

### **Crecemento exponencial**

Os dermatólogos alertan do crecemento exponencial dos casos de melanoma nos últimos anos, que no 2015 podería acadar 4.000 casos/ano en España. A incidencia deste tumor aumenta a partir do 15 anos e incrementase coa idade. Un tercio dos casos diagnósticanse antes dos 50 anos de idade, sendo o sector tumor máis frecuente neste rango de idade.

O melanoma provoca en España máis de 700 mortes anuais, arredor dun 55% en homes e o 45% en mulleres.

Os expertos coinciden en que a prevención e o diagnóstico precoz son as principais ferramentas para combater o melanoma, xa que o tratamento cirúrxico do melanoma fino (<0,5mm) supón a curación de máis do 90% dos afectados.

Non obstante, as opcións terapéuticas para tratar esta enfermidade en fases máis avanzadas son moi limitadas.

### **Dano solar**

Os dematólogos chaman a atención sobre a falta de concienciación social sobre a relación entre o melanoma e o dano solar na infancia e a adolescencia

Saúdos, Gabinete de Comunicación